

ANEXO

I. Experiencia docente.		
1.1. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de relixión, no mesmo nivel educativo ao que opta o/a aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	1,000 punto	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade.
1.2. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de relixión, en distinto nivel educativo ao que opta o/a aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,500 puntos	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade.
1.3. Por cada ano de experiencia docente na impartición de calquera área ou materia distinta da relixión en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,125 puntos	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e especialidade.
II. Formación académica. Máximo 10 puntos.		
2.1. Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios. 2.1.1. Polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados (Real decreto 778/1998, do 30 de abril), o título oficial de máster (Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro), suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente.	1,000 punto	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme a Orde do 8 de xullo de 1998 (BOE do 13 de xullo).
2.1.2. Por posuír o título de doutor.	2,50 puntos	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título de doutor ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme a Orde do 8 de xullo de 1998 (BOE do 13 de xullo) e fotocopia do BOE na que se recolle a homologación.
2.1.3. Por premio extraordinario no doutoramento.	1,000 punto	Documento xustificativo.
2.2. Outras titulacións universitarias. As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o acceso ás listas de interinidades ou substitucións, valoraranse da forma seguinte:		
2.2.1. Titulacións de primeiro ciclo:		
2.2.1.1. Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, incluídos os referentes á materia de relixión reconecidos pola confesión relixiosa e homologados pola Administración pública.	1,000 punto	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación de aboamento dos dereitos de expedición conforme á Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.
2.2.2. Titulacións de segundo ciclo:		
2.2.2.1. Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo doutras licenciaturas, enxeñerías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes, incluídos os referentes á materia de relixión reconecidos pola confesión relixiosa e homologados pola Administración pública.	1,000 punto	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación de aboamento dos dereitos de expedición conforme á Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
III. Formación e perfeccionamento. Máximo 6 puntos.		
3.1. Por cursos e outras actividades de formación superados ou impartidos relacionados coa ensinanza da relixión, organizados polas entidades relixiosas, as administracións educativas e outras institucións sen ánimo de lucro e reconecidos ou homologados polas administracións educativas.	0,20 puntos por cada 10 horas	Certificado deles no que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. Deberá acreditarse, asemade, de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
3.2. Por cursos e outras actividades de formación, superados ou impartidos, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou reconecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades ou entidades eclesásticas, non incluídos no punto anterior.	0,10 puntos por cada 10 horas	Certificado deles no que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
IV. Por ser desprazado ou desprazada por falta de horario.	6 puntos	

Disposicións complementarias

Primeira.-Únicamente serán baremados aqueles méritos perfeccionados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segunda.-Para os efectos da epígrafe I non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.

Terceira.-Non se baremarán os servizos prestados no estranxeiro.

Cuarta.-Nas seguintes epígrafes, por cada mes de servizo súmanse as seguintes puntuacións:

-Na epígrafe 1.1: 0,083.

-Na epígrafe 1.2: 0,041.

-Na epígrafe 1.3: 0,010.

Quinta.-En ningún caso serán valorados pola epígrafe III aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.

No apartado terceiro computaranse ademais dos cursos, as xornadas, congresos, grupos de traballo, seminarios permanentes e os proxectos de formación nos propios centros.

Anuncio do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 17 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas na especialidade de xaponés.

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, na especialidade de xaponés.

Segundo.-Declarar excluídos definitivamente os aspirantes que figuran no anexo deste anuncio, polas causas que se indican.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Causa
Álvarez Martínez, Gabriel	44487630H	3
Granja Fociños, Mª Paz	76813060Y	3
Hoshikawa, Taeko	X4107826A	2
Imai, Mona	X1216345J	4
Koiso, Mayumi	X2450599H	3
Maseda Mufño, Francisco	33542228V	3
Rodríguez Álvarez, Cristina	76727079E	3
Ruíz Rodríguez, César	20213757	3
Wo, Lili	X2633537Z	2
Yoshida, Erikamie	X9775025W	2

Causas de exclusión:

1. Non xustifica a especialidade de xaponés.
2. Titulación sen homologar.
3. Non xustifica nivel avanzado de xaponés.
4. Non reúne o requisito de titulación.

Anuncio do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 28 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 5 de xuño).

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Eleva a definitivas as listas provisionais de admitidos e excluídos publicadas no Anuncio do 16 de setembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 25 de setembro) do baremo aberto polo Anuncio de 28 de maio de 2009, desta dirección xeral, polo que se comunicaba a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións

para impartir docencia en diversas especialidades na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (*Diario Oficial de Galicia*, do 5 de xuño). Así mesmo, débese incluír na epígrafe de aspirantes que non superaron a nota mínima requirida no proxecto docente (3,60 puntos), especialidade teoría e historia da arte, a Diana Dúo Rámila.

Segundo.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 6 de novembro de 2009 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do mesmo decreto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), nos seus departamentos territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se anuncia no